



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E UNICEF COMITÉ ESPAÑOL PARA O DESENVOLVEMENTO EN CARACAS DO PROXECTO "PLAN DE RESPONSA EDUCATIVA COVID-19: PROGRAMA DE ALIMENTACIÓN ESCOLAR NO MUNICIPIO LIBERTADOR DE DISTRITO CAPITAL, VENEZUELA. 2020".

(1) A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Que unha das prioridades sectoriais establecidas na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, é a da potenciación dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

O IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 reconece un dos ámbitos estratéxicos da cooperación galega é a promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos, como a saúde, a educación, alimentación, hábitat y auga y saneamento básico.

(2) Antecedentes: O Fondo de Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) é a principal organización internacional que traballa para promover os dereitos da infancia e conseguir cambios reais nas vidas de millóns de nenos/as, en calquera situación de emerxencia e crise humanitaria. UNICEF Comité Galicia é un dos comités que a nivel autonómico contribúen co traballo que se realiza en favor da infancia e na resposta ante emerxencias.

UNICEF Comité Español é un dos 37 Comités Nacionais do Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) Organismo Multilateral das Nacións Unidas, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para administrar e dispoñer dos seus bens a fin de poder levar a cabo os seus fins sociais e que está formado por 17 Comités autonómicos entre os que se atopa UNICEF Comité Autonómico de Galicia



que contribúe co traballo que realiza no seu ámbito de actuación á defensa dos dereitos da infancia.

A Xunta de Galicia ten subscritos convenios con esta entidade en varias ocasións anteriores como resposta inmediata a crises humanitarias e principalmente destinados a sufragar gastos en axuda humanitaria

(3) Finalidade Establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e UNICEF Comité Español para a execución do proxecto Plan de Resposta Educativa COVID-19: Programa de Alimentación Escolar no Municipio Libertador de Distrito Capital, Venezuela. 2020.

(4) O convenio ten por obxecto a realización do proxecto “Plan de Resposta Educativa COVID-19: Programa de Alimentación Escolar no Municipio Libertador de Distrito Capital, Venezuela. 2020”, que ten como obxectivo contribuír na mellora da asistencia de 583 familias de nenos e nenas de escolas públicas do Municipio Libertador (Distrito Capital de Caracas) a través do subministro bolsas de comida quinquenais como complemento alimentario e kits de hixiene para a prevención do COVID-19.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, aínda que dirixidas a un grupo de poboación específico pola súa idade, inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral por canto engaden un factor multiplicador na prevención da exclusión social e da cronificación da pobreza, e xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 100.000 € (cen mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller



Xacobeo 2021

